

RUAR



RUAR

Unha aventura londinense

Virginia Woolf

Tradución de Celia Recarey Rendo



Irmás Cartoné, 2015
Título orixinal: *Street Haunting: A London Adventure*
Tradución: Celia Recarey
Ilustracións: Irmás Cartoné
Deseño e maquetación: Irmás Cartoné
Impresión: Estugraf Impresores, S.L.


ISBN: 978-84-942570-5-6
Dep. Legal: C 1226-2015



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se reconeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

Ruar

Unha aventura londinense




Talvez ninguén sentiu nunca paixón por un lapis. Pero hai circunstancias nas que pode resultar tremendamente desexable posuír un; momentos nos que nos empeñamos en ter un obxecto, unha escusa para percorrer medio Londres entre a hora do té e a cea. Así como o cazador de raposos caza para preservar a raza dos raposos, e o golfista xoga para protexer os espazos abertos dos construtores, cando nos posúe o desexo de botarnos á rúa o lapis sérvenos de pretexto e, erguéndonos, declaramos: «Preciso un lapis», como se, protexidas por esta escusa puidésemos darnos sen perigo o maior pracer que a vida urbana ofrece no inverno: percorrer as rúas de Londres.

A hora debe ser o serán e a estación o inverno, pois no inverno o resplandor achampañado do aire e a sociabilidade das rúas son agradecidos. Non nos tenta, como no verán, a arela de sombra e soidade, das doces brisas das veigas. O luscofusco ofrécenos ademais a irresponsabilidade que a escuridade e a luz dos farois procuran. Xa non somos completamente nós. Conforme poñemos o pé fóra da casa nun fermoso serán, entre as catro e as seis, desprendémonos do eu polo que as nosas amistades nos coñecen e volvémonos parte do vasto exército republicano de anónimos camiñantes

cuxa compañía é tan agradable trala soidade do cuarto propio. Pois alí sentamos rodeadas de obxectos que perpetuamente expresan a estrañeza dos nosos temperamentos e reforzan as lembranzas da nosa experiencia. Aquel cunco que hai na repisa da lareira, por exemplo, comprámolo en Mantua un día de moito vento. Marchabamos xa da tenda cando a sinistra vella nos tirou da saia e nos dixo que calquera día había morrer de fame, pero «Léveo!», berrou, e nos puxo o cunco de porcelana branca e azul nas mans como se non quixese que lle volvesen recordar a súa quixotesca xenerosidade nunca máis. Así, con sentimento de culpa, mais sospeitando igualmente o gran calote que nos acababan de dar, levámolo para o hoteliño onde, en plena noite, o hostaleiro pelexaba con tal violencia coa muller que todo o mundo se asomaba ao patio para mirar, e viamos as enredadeiras entrelazadas nas columnas e as estrelas brancas no ceo. O momento quedou fixado, acuñado indeleblemente como unha moeda entre un millón que escapan sen seren percibidas. Alí estaba tamén o melancólico inglés que se levantou entre as xícaras de café e as mesiñas de ferro e revelou os segredos da súa alma, como fan os viaxeiros. Todo isto, Italia, a mañá de vento, as enredadeiras arredor das columnas, o inglés e os segredos da súa alma, saen flotando do cunco de porcelana da repisa da lareira. E alí, cando os nosos ollos se dirixen ao chan, está aquela mancha castaña na alfombra que fixo o Sr. Lloyd George. «Ese home é o demo!», dixo o Sr. Cummings, pousando a pota chea de té coa que se dispoñía a encher a teteira de maneira que deixou unha queimadura redonda na alfombra.

Pero cando a porta se pecha ás nosas costas, todo iso desaparece. A cuberta semellante a unha cuncha que as nosas almas excretaron para aloxarse, para crearen para si unha forma distinta das outras, escacha e, de todas esas enrugadas e rugosidades, non queda máis que unha ostra central de percepción, un ollo enorme. Que fermosa é unha rúa en inverno! Revélase e ocúltase a un tempo. Aquí pode unha albiscar vagamente dereitas e simétricas avenidas de portas e fiestras; acolá, baixo os farois, flotan illas de luz pálida que rapidamente atravesan coloridos homes e mulleres que, con toda a súa pobreza e desleixo, locen un certo aire de irrealidade, un aire triunfal, como se subtraesen



á vida, de maneira que a vida, enganada pola súa presa, segue avanzando torpemente sen eles. Pero, despois de todo, non facemos máis que deslizarnos suavemente pola superficie. O ollo non é mineiro, nin mergullador, nin buscador dun tesouro enterrado. Lévanos flotando suavemente pola corrente abaixo; descansando, deténdose, o cerebro dorme talvez mentres mira.

Que fermosa é unha rúa londinense entón, coas súas illas de luz e os seus longos arboredos de escuridade, e dun lado talvez algún espazo salpicado de árbores e herba, onde a noite se recolle sobre si mesma para durmir e, cando unha pasa por onda a baranda de ferro, oe eses estalos e eses renxeres de follas e pólas que parecen supor un silencio campestre ao seu redor, un moucho a ulular e, ao lonxe, o matraquear dun tren polo val. Pero isto é Londres, recordamos: do alto das árbores espidas colgan alongados marcos de luz amarelada: fiestras; hai puntos de resplandor que arden regularmente coma estrelas baixas: farois; este chan baleiro, que sostén o país e a súa paz, non é máis que unha praza de Londres, rodeada de oficinas e casas onde, a esta hora, arden feroces luces sobre mapas, sobre documentos, sobre escritorios onde os oficinistas sentan percorrendo co índice mollado os ficheiros de inesgotables correspondencias; ou, de xeito máis difuso, a trémula luz da lareira e a luz da lámpada bañan a intimidade dunha sala de estar, coas súas cómodas cadeiras, os seus papeis, a súa louza, a súa mesa con incrustacións e a figura dunha muller a medir con precisión o número exacto de culleradas de té que... Mira para a porta como se oíse un timbre abaixo e a alguén preguntando: está na casa?

Pero aquí temos a imperiosa obriga de deternos. Corremos o perigo de escravellar máis do que o ollo consente, estamos a atrancar o noso paso pola suave corrente abaixo ao enganchar nalgunha póla ou nalgunha raíz. En calquera momento, o adormecido exército pode remexerse e espertar en nós un milleiro de violíns e trompetas en resposta; o exército de seres humanos pode acordar e facer patentes todas as súas rarezas, sufrimentos e sordideces. Demorémonos un chisco máis, contentémonos aínda só coas superficies, a escintilante vivacidade dos autobuses, o carnal



esplendor das carnicerías, cos seus anacos amarelos de faldra e os seus bistés encarnados; os ramalletes de flores azuis e vermellas que tan valentemente arden a través do cristal do escaparate da florista.

Pois o ollo ten esta estraña propiedade: só se pousa na beleza, igual que unha bolboreta procura a cor e se deleita na calor. Nunha noite de inverno coma esta, en que a natureza estivo a traballar para lucirse e acicalarse, o ollo devólvenos os máis fermosos trofeos, talla pequenos anacos de esmeralda e coral como se a terra toda estivese feita de pedras preciosas. O único que non pode facer (falo do ollo corrente, non profesional) é componse estes trofeos para sacar á luz os ángulos e relacións máis escuros. Así, tras unha prolongada dieta composta por este simple e edulcorado menú, de beleza pura e sinxela, tomamos conciencia da saciedade. Detémonos na porta da zapatería con algunha pequena escusa, que non ten nada que ver coa verdadeira razón, para recoller a colorida parafernalia das rúas e retirármonos a algunha cámara máis escura do ser onde poder preguntar, mentres levantamos obediamente o pé esquerdo e o colocamos na banquetta: «Como é, logo, ser anana?»

Entrou escoltada por dúas mulleres que, ao seren de tamaño normal, parecían benévolas xigantas ao seu carón. Sorríndolles ás rapazas da tenda, parecían descargarse de toda responsabilidade sobre a súa deformidade e garantirille a súa protección. Ela lucía a irritada pero pesarosa expresión habitual nos rostros dos eivados. Necesitaba a súa amabilidade, pero ofendíaa. Porén, cando a dependenta acudiu e as xigantas, con indulxente sorriso, pediron zapatos para «esta señora» e a moza lle puxo a banquetiña diante, a anana estirou o pé cun ímpeto que parecía reclamar toda a nosa atención. Miren para aí! Miren para aí!, parecía esixirnos a todas nós mentres estarricaba o pé, pois velaí estaba o harmonioso e perfectamente proporcionado pé dunha muller feita e dereita. Era arqueado, era aristocrático. A súa actitude enteira cambiou mentres o contemplaba pousado na banquetta. Parecía calmada e satisfeita. A súa actitude volveuse chea de confianza en si mesma. Mandou buscar un zapato tras outro; probou par tras par. Levantouse e deu voltas diante dun espello que só reflectía os pés lucindo zapatos amarelos, zapatos castaños,




Tower Restaurant

ESTD. MAXWELL 1793

Maxwell

WEEK



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 10 DE XULLO DE 2015

